



# BOP

XOVES, 8 DE NOVEMBRO DE 2018; N.º 256

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

**Resolución do 10 de outubro de 2018, da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista cuxo proxecto leva por título “Acometida APA Aluminio Español, Xove (Lugo)” promovida pola empresa Nedgia Galicia, SA. (expediente IN627A 2018/2-2).**

Para os efectos previstos nos artigos 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e 78 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, sométese ao trámite de información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista que leva por título “Acometida APA para Aluminio Español, Xove (Lugo)”, que promove a empresa Nedgia Galicia, SA.

##### **Peticionario:**

Nedgia Galicia, S.A. con CIF n.º A-15383284 e con enderezo para os efectos de notificación na rúa Lisboa, s/n Edificio Área Central, local 31 HIJ, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)

##### **Antecedentes:**

1. O 12/04/2012 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, ditou resolución pola que se outorgou a Gas Galicia SDG, S.A.(actualmente Nedgia Galicia, SA) a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Xove, na provincia de Lugo (expediente: IN627A 2011/4-0) publicada no DOG nº 161, de 24 de agosto de 2012.

2. O 12/04/2018 a empresa Nedgia Galicia, SA (anteriormente Gas Galicia SDG, SA), presentou solicitude de autorización administrativa e aprobación da execución do proxecto “**Acometida APA Aluminio Español, Xove (Lugo)**” promovida pola empresa Nedgia Galicia, SA. (expediente IN627A 2018/2-2).

##### **Obxecto da petición:**

O obxecto da petición é a autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución da infraestrutura gasista, denominado “**Acometida APA Aluminio Español Xove (Lugo)**”

##### **Descrición das instalacións:**

O proxecto de referencia, contempla as seguintes instalacións:

- Conexión á saída prevista da posición 07 do GTB Mariña Lucense, en aceiro de 8”, mediante a instalación dunha redución 8” x 6”, unha xunta dieléctrica de 6” e unha válvula de aceito de 6” con dous venteos.
- Execución dunha rede de distribución en MOP 16 bar, desde a saída da posición 07 do GTB Mariña Lucense hasta o punto de consumo, mediante a instalación dunha canalización de 1.639 m de tubaxe de aceiro de 6” de diámetro e 3,6 mm de espesor de parede.
- Instalación de 2 válvulas de corte para a regulación e control do fluxo de gas na canalización.
- Execución dunha acometida de gas, desde a rede de distribución, en MOP 16 bar, en tubaxe de aceiro de 6” de diámetro hasta o peche da propiedade do consumidor final.

##### **Termo municipal afectado:**

A solicitude afecta aos termos municipais de Xove e Cervo na provincia de Lugo.

**Orzamento:**

O orzamento das instalacións ascende á cantidade de cento cincuenta mil catrocentos catro con corenta e catro 150.404,44 €

**Afección a predios particulares:**

Non se indica a existencia de afeccións a predios particulares

O que, de acordo coa normativa invocada, se fai público para coñecemento xeral e para que aquelas persoas que se consideren afectadas polo proxecto titulado “Acometida APA Aluminio Español Xove (Lugo)”, podan examinalo nesta Xefatura Territorial, con enderezo na Rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo, e presentar as alegacións que considere oportunas no prazo de 20 días a partir do seguinte á publicación deste anuncio.

Lugo, 10 de outubro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2919

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO****CENTRO DE ARTESANÍA E DESEÑO***Anuncio*

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A INSCRICIÓN, ADMISIÓN E SELECCIÓN DOS E DAS ARTESÁS PARTICIPANTES NA MOSTRA DE ARTESANÍA “MERCADO NADAL 2018”, DA ÁREA DE CULTURA E TURISMO, SUBÁREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO, ARTESANÍA E DESEÑO E EDUCACIÓN.**

**PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA**

As presentes bases teñen como obxecto establecer as condicións de participación dos e das artesás da mostra MERCADO NADAL 2018 organizada pola Área de Cultura e Turismo, Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico e Artístico, Artesanía e Deseño e Educación da Deputación de Lugo (en adiante Área de Cultura da Deputación de Lugo).

**SEGUNDA: PARTICIPANTES**

A presente convocatoria está aberta a todas e todos os artesáns para participar na mostra Mercado nadal 2018, para o cal todas as persoas interesadas deberán cumprir os requisitos establecidos nas presentes bases.

Para os efectos destas bases, poderán participar os e as artesáns que realicen calquera actividade recollida no Anexo IV do Decreto 218/2001, de 7 de setembro polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

A participación nesta Mostra está reservada a artesás e artesáns cuxa produción sexa exclusivamente de creación e produción propia, e cuxo material responda ao proceso de transformación e elaboración dunha determinada materia prima; entendéndose este proceso como un cambio substancial na referida materia.

**TERCEIRA: LUGAR, DATA E CARACTERÍSTICAS**

A mostra desenvolverase na praza San Marcos, entre os días 21 de decembro de 2018 e 5 de xaneiro de 2018, (agás os días 25 de decembro de 2018 e 1 de xaneiro de 2018) en horario de 11:00 h. a 14:00h. e de 16:00 a 21:00h (o 24 e 31 de decembro o horario de tarde será de 16:00 a 18:30 horas).

Os postos disporán de iluminación e contarán cunha saída de luz para o uso do artesán/artesá expositor

**CUARTA: CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN**

As persoas interesadas en participar na mostra Mercado nadal 2018 deberán presentar a solicitude coa documentación requirida no prazo e forma establecida nas presentes bases.

Poderán participar individualmente ou conxuntamente, en cuxo caso deberase indicar expresamente na solicitude, e en consecuencia deberán achegar a documentación correspondente e esixible a cada participante.

No suposto de participación conxunta e, de acordo coas indicacións na solicitude, o posto poderase compartir por un máximo de dous artesáns/artesás.

En todo caso, aqueles artesáns/artesás que decidan participar conxuntamente, deberán cumprir, respectivamente e por separado, todos e cada un dos requisitos esixidos. O incumprimento dos referidos requisitos por parte de un dos dous participantes da solicitude de participación conxunta non invalidará a admisión daquel que si os cumpra, debendo adaptarse as circunstancias derivadas desa situación, de xeito que non implique deterioro na imaxe e desenvolvemento da mostra. Nese sentido, a Área de Cultura poderá ditar as instrucións precisas para o mellor desenvolvemento e execución da feira.

A mostra estará formada por 12 casetas de 3X 3x 2,40m (medidas interiores), cada unha delas e con cadro eléctrico e iluminación.

Asegurar nas súas casetas as necesarias condicións de limpeza, hixiene, atención ao cliente, durante os días que dure a feira. Os traballos de acondicionamento da caseta de cada expositor **comezarán ás 8:00 horas do 21 de decembro de 2018 e deberán estar concluídos ás 16 horas do mesmo día.** O desmonte e retirada dos elementos de cada caseta deberá realizarse como máximo ás 14:00 horas do 7 de xaneiro de 2018.

O/a expositor/a comprométese a manter aberta a caseta no horario fixado para a feira e ter polo menos unha persoa á fronte do mesmo, que representará ao/a solicitante.

O/a expositor/a deberá ter visible ao público a carta de artesán/artesá.

Así mesmo, comprométese a non ceder ou transferir en ningún caso a terceiros, os dereitos de participación concedidos pola organización.

A Área de Cultura da Deputación de Lugo será a encargada de definir a organización e colocación dos postos de acordo coas solicitudes presentadas, na perspectiva da correcta imaxe e execución da mostra e da óptima presentación da oferta artesanal que se promove, ou poderá ser por sorteo público que se convocará a tal efecto aos seleccionados para poder asistir, a decisión da Comisión.

A Deputación de Lugo resérvase o dereito de instar á retirada inmediata no transcurso da Mostra de aqueles produtos que non cumpran os requisitos recollidos nas Bases, ou daquela oferta expositiva que por razóns acreditadas puidera supoñer dano ou prexuízo para o contido ou mensaxe da mostra da propia Deputación de Lugo.

De acordo coa lexislación vixente en materia entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, queda expresamente prohibida a exposición de produtos ou actividades que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista ou que se poida considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

Na consideración do deber da Administración Pública de promoción do uso da lingua galega, a lingua de uso da mostra será o idioma galego.

A Mostra estará cuberta pola póliza de seguro de responsabilidade civil da Deputación de Lugo. De igual xeito, as persoas adxudicatarias deberán ter subscrita tamén unha póliza de responsabilidade civil para a actividade que desenvolvan.

A Deputación de Lugo non se fai responsable de perdas, danos ou furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo.

Os produtores/as aceden a que a Área de Cultura da Deputación de Lugo fotografe, debuxe ou filme as instalacións, así como os servizos e/ou artigos expostos nos mesmos e a utilizar estas reproducións nas súas publicacións, na páxina web da Área e na prensa. A persoa ou entidade que expón ten dereito a fotografar o seu propio posto e os seus propios produtos, durante as horas de celebración da Mostra.

Non se permitirá máis música ambiental que a seleccionada pola organización de Mercado nadal 2018.

Se por circunstancias de forza maior, a Deputación de Lugo se vira obrigada a desconvocar ou suspender a celebración da mostra, esta desconvocatoria e/ou suspensión non implicará indemnizacións de ningunha natureza para os/as expositores/as admitidos/as.

A presentación da solicitude de participación nesta mostra "MERCADO NADAL 2018" implica a aceptación total das presentes bases.

Ante calquera aspecto non recollido nestas bases no relativo ao proceso de valoración a admisión de solicitudes, a Área de Cultura da Deputación de Lugo, a proposta da Comisión de selección, resolverá segundo se considere o máis axeitado para o mellor desenvolvemento do evento/ mostra.

Os artesáns/artesás seleccionados estarán obrigados ao pago do precio público estipulado (50 €) no prazo de 7 días naturais dende a publicación da listaxe de artesáns/artesás seleccionados.

#### **QUINTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

As persoas interesadas en participar na mostra Mercado nadal 2018 deberán presentar o modelo normalizado de solicitude que se achega como Anexo I, - xunto coa documentación restante requirida no punto 5º das bases- no Rexistro Xeral da Deputación Provincial de Lugo (San Marcos, 8 - 27001 Lugo), ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**O prazo de presentación será de 7 días naturais** dende o día seguinte ao da publicación das Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Toda solicitude presentada fóra do prazo indicado nas presentes bases será excluída do proceso de selección para participar da mostra Mercado nadal 2018.

As solicitudes irán acompañadas obrigatoriamente da seguinte documentación:

1.- **Modelo de solicitude** debidamente cumprimentado (Anexo I)

2.- **Copia** da Carta de Artesán ou Artesá.

3.- **Copia** do DNI ou NIF da empresa.

4.- **Memoria técnica e descritiva** do material e do proceso de elaboración dentro da disciplina artesanal correspondente e relación e fotografías dos produtos a expoñer e de proposta expositiva para a presente mostra.

A memoria deberá ter un tamaño máximo de A4 e unha dimensión máxima de 25 páxinas por unha cara incluíndo a portada, no caso de presentación conxunta presentarase unha única memoria polos/polos dous/dúas solicitantes, todas elas deberán seguir o seguinte esquema:

- Portada. Datos de Artesán/Artesá, obradoiro, etc.. (1 páxina)

- Traxectoria do artesán/artesá e obradoiro. Currículo profesional que inclúa a data de inicio e traxectoria, así como mención a páxina web, blog ou redes sociais, no caso de utilizar algunha destas ferramentas. (Máx. 2 páxinas).

- Materiais e técnicas empregadas. (Máx. 2 páxinas).

a) Materiais utilizados

b) Descrición das técnicas empregadas.

Este apartado deberá ir acompañado dunha secuencia de fotos en pequeno formato mostrando a transformación da materia prima ata o produto final.

- Líneas de Produtos elaborados. (Máx. 10 páxinas)

a) Relación detallada dos produtos que se poñerán á venda no mercado. (Máx. 1 páxina)

b) Foto do posto montado anteriormente ou proposta de montaxe. (Máx. 1 páxinas).

c) Fotografías variadas do traballo onde se poida apreciar a súa calidade. (Máx. 8 páxinas).

**Recoméndase que a memoria sexa elaborada coidadosamente, xa que é a ferramenta da que dispoñen os/as integrantes da comisión de selección para coñecer o traballo dos e das artesáns.**

5. **Compromiso de aceptación** por parte do solicitante no que se asuma a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga. (Anexo II)

6.-**Compromiso de aceptación** dos participantes nesta Mostra, conforme asumen todas as responsabilidades derivadas da montaxe, desmonte do produto a expoñer, as perdas, danos, furtos de materiais ou produtos durante o transcurso da mostra así como de calquera dano persoal ou material a terceiros, incluídos os danos producidos por catástrofes de calquera tipo, segundo se establece no punto 4 das bases. (Anexo II).

7.- **Declaración responsable** de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar que establece o artigo 71 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, así mesmo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes. (Anexo II)

8.- **De forma opcional** os e as solicitantes poderán aportar copia da vida laboral se desexan que a información deste documento sexa tida en conta nas valoracións, así como os documentos acreditativos de estar inscrito/a na marca Artesanía de Galicia e/ou ter o obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, así como calquera documentación que estime oportuno entregar para poder valorar segundo os criterios establecidos na base sexta.

## **SEXTA: SELECCIÓN**

Rematado o prazo de solicitude de participación na mostra, unha Comisión valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución das persoas admitidas para participar en MERCADO NADAL 2018.

Esta Comisión estará formada por persoal da Deputación Provincial de Lugo e rexerese segundo o establecido para os órganos colexiados nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A selección dos participantes na mostra farase con base nos criterios que se expoñen a continuación:

**1. Calidade do proxecto presentado e procesos de elaboración: 0 a 5 puntos**

**2. Antigüidade da Carta de Artesá:**

a. Menor o igual a 5 anos → 5 puntos

b. Máis de 5 anos → 10 puntos

**3. Presenza en Feiras de Artesanía para profesionais no último ano → 5 puntos**

**4. Innovación técnica:**

- a. Utilización de novas técnicas para a disciplina → 5 puntos
- b. Incorporación de novos materiais na disciplina → 5 puntos

**5. Difusión e Implantación en redes:**

- a. Páxina Web → 5 puntos
- b. Blog → 3 puntos
- c. Redes sociais → 2 puntos

**6. No caso de posto compartido → 15 puntos****7. Deseño verde:**

- a. Materiais autóctonos → 5 puntos
- b. Materiais ecolóxicos → 5 puntos

**8. Identificación coa zona de procedencia e elaboración do produto:**

- a. Materiais → 5 puntos
- b. Deseño → 5 puntos

**9. Deseño do posto → de 0 a 5 puntos****10. Incorporación á marca Artesanía de Galicia → 5 puntos****11. Ter o Obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia → 5 puntos**

**En caso de empate na puntuación,** terá preferencia utilizando por orde os seguintes criterios:

1º As disciplinas, que no seu caso, non estivese representada, co fin de lograr a máis ampla e variada oferta da mostra.

2º Terán preferencia as e os artesáns da provincia de Lugo, segundo a carta de artesá.

3º As solicitudes con número de entrada en rexistro anterior ao posterior.

No caso de que as persoas que se presenten e reúnan os requisitos esixidos sexan igual ou inferior ao número de postos da mostra, non se realizará valoración dos méritos acreditados e a comisión propondrá unha listaxe ordenada por orde alfabético de artesáns e artesás seleccionados ao Presidente da Deputación de Lugo, quen resolverá

En caso de superar o número de postos da mostra, a comisión, baseándose nos criterios expostos, a citada Comisión propondrá unha listaxe ordenada de artesás e artesáns seleccionados ao Presidente da Deputación de Lugo, quen resolverá.

A resolución que poña fin ao procedemento de selección deberá expresar as persoas adxudicatarias seleccionadas de cada posto, así coma unha lista de reserva, para os efectos de que, en caso de renuncia, a comisión de selección cubrirá a vacante co artesán ou artesá suplente, a través da listaxe de suplencias que a tal efecto elaborará a comisión no momento de emisión do seu ditame

Esta resolución farase pública para os efectos de notificación ás persoas interesadas, así como calquera outra notificación ou requirimento, a través dos Taboleiros de Anuncios da Deputación de Lugo e do Centro de Artesanía e Deseño, da páxina web [www.centrad.org](http://www.centrad.org) dando cumprimento ao disposto no artigo 45.1 b) da lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Unha vez comunicada a selección dos candidatos, abrirase un prazo de 5 días naturais para a presentación da copia da póliza de responsabilidade civil para o desenvolvemento da actividade para a que se presenta, así como xustificante de pagamento do ingreso da tarifa do prezo público de 50 €, aprobado por Xunta de Goberno, do cal se remitirá fotocopia xustificativa ao Centro de Artesanía e Deseño da Área de Cultura e Turismo. No caso de non presentación ou abono da cantidade e documentación esixidas, causará exclusión na participación da mostra e chamarase ao seguinte artesá o artesán suplente da listaxe de suplencias.**

A Comisión de selección estará composta polos seguintes membros:

**PRESIDENTE**

Santiago Rodríguez Tuñas, Coordinador de Administración e Xestión Cultural.

**SECRETARIO**

O Secretario da Deputación de Lugo, ou persoa en quen delegue.

**VOGAIS**

Joao Fernades de Brito, Mestre Artesán do Obradoiro do Moble

M<sup>a</sup> Soledad López de Andrés, Atención ao cidadá.

Daniel Fernández Gómez, administración.

**Vogais Suplentes**

María Pilar Rey Fernández, Coordinadora de Suministros

Luciano Pérez Díaz, Responsable Técnico Coleccións.

Diego López Villar, Oficial Taller do Libro.

Lugo, 5 de novembro de 2018.- O Presidente, P.D. Decreto nº 0402/2017, de data 24-02-2017, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- O Secretario, P.S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero

<b>ANEXO I</b> <b>SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PARTICIPACIÓN</b> <b>MERCADO NADAL 2018</b> <b>21 DE DECEMBRO 2018 - 5 DE XANEIRO 2018</b> <b>PRAZA SAN MARCOS</b>		
<b>DATOS DO SOLICITANTE</b>		
SOLICITO UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX 20 DÍXITOS) :	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	NIF
REPRESENTANTE LEGAL		DNI
ENDEREZO		CP
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>		
ENDEREZO		
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA
TELÉFONO/S	E-MAIL	
<b>SOLICITO UN PAVILLÓN MODULAR DE 6 M<sup>2</sup> Precio: 60 Euros/m<sup>2</sup> IVE engadido. TOTAL 360 €</b>		

Asdo.:  
2018

En ..... a... de ..... de

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

<b>ANEXO I <sup>bis</sup></b>		
<b>SOLICITUDE CONXUNTA DE PARTICIPACIÓN MERCADO NADAL 2018</b>		
<b>21 DE DECEMBRO 2018 - 5 DE XANEIRO 2018</b>		
<b>PRAZA SAN MARCOS</b>		
<b>DATOS DO SOLICITANTE 1</b>		
NOME E APELIDOS:	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	NIF
REPRESENTANTE LEGAL	DNI	
ENDEREZO	CP	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX
<b>DATOS DO SOLICITANTE 2</b>		
NOME E APELIDOS:	RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA	NIF
REPRESENTANTE LEGAL	DNI	
ENDEREZO	CP	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO
ENDEREZO ELECTRÓNICO	MÓBIL	FAX
<b>SOLICITAMOS UNHA CASETA de 3X 3x 2,40m (medidas interiores) Precio: 50 Euros</b>		
<b>SOLICITAMOS UN POSTO CO SEGUINTE RÓTULO (MÁX. 20 DÍXITOS):</b>		

Asdo.:  
2018

En ..... a... de ..... de

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO  
ANEXO II



**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS ESTABLECIDAS NAS BASES DESTA MOSTRA**

Don/Dona \_\_\_\_\_

DNI nº \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificación en \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_ concello de \_\_\_\_\_ e teléfono de contacto \_\_\_\_\_ e correo electrónico \_\_\_\_\_.

**DECLARO RESPONSABLEMENTE**

- Que de resultar seleccionado/a para participar na MOSTRA ARTESANFROILÁN 2018:
- Acepto ás condicións que se establecen nas presentes bases e mailos compromisos que delas poidan derivarse, así como que son verdadeiros todos os datos e informacións que aporto coa solicitude.
- Que a Deputación de Lugo queda eximida de calquera responsabilidade derivada da realización da actividade, segundo se establece no punto 4º das bases.
- Acepto que, de acordo coas bases, asumo a responsabilidade de obter os permisos municipais correspondentes para a entrada de vehículos participantes na mostra, aos efectos de montaxe, desmonte, carga e/ou descarga, segundo se desprende do punto 5º das bases.
- Que a persoa física ou xurídica:
  - o Ten plena capacidade de obrar, e a habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, de conformidade co estipulado nos artigos 65, 84, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en diante LCSP).
  - o Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
  - o Esta ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
  - o Atópase dada de alta no Imposto de Actividades Económicas, nunha actividade, acorde coa prestación a desenvolver, de conformidade co estipulado nos artigos 78 e 83 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
  - o No caso de persoa xurídica, as prestacións obxecto deste contrato menor, están comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da súa actividade a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais.
  - o Habilita como dirección electrónica a sinalada no anterior apartado "Correo electrónico", consentindo así mesmo a súa utilización, de conformidade co estipulado no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Décimoquinta da LCSP.

E para que así conste, asino en \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018.

Sinatura:

R. 3112

**SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN PROVINCIAL***Anuncio***ANUNCIO DE COBRANZA****Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico (ampliación período de cobranza IBI urbana- FOZ e BURELA (2018)).**

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 214 de data luns 17 de setembro de 2018 publícase anuncio de cobranza do Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza urbana, entre outros os Concellos de Foz e Burela, correspondente ó exercicio de 2018, establecendo o prazo de ingreso en período voluntario que comenza a contar o día 17/09/2018 e remata o día 19/11/2018, ambos os dous incluídos.

Por decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo de data 29 de outubro de 2018, ampliase o prazo de ingreso en período voluntario do Imposto sobre Bens Inmóbeis de natureza urbana, dos recibos non domiciliados, correspondentes ós Concellos de FOZ e BURELA, exercicio de 2018, ata o día **19 de decembro de 2018**.

O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-7-2016, A Deputada Delegada de Economía, Recadación e Facenda, Mayra García Bermúdez.

R. 3098

**CONCELLOS****O VALADOURO***Anuncio***CONVOCATORIA DE PROCESO SELECTIVO AO OBXECTO DE CONSTITUÍR LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ADMINISTRATIVO/A PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DO VALADOURO, COMO PERSOAL INTERINO E/OU TEMPORAL.****1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O Concello do Valadouro conta cun Administrativo que vai cesar por incorporación a un posto noutra Entidade do Sector Público.

Sendo necesario contar con este tipo de persoal para desempeñar as funcións que ten atribuídas, que resulta necesario manter, é necesario contar cunha listaxe de emprego temporal para poder cubrir esta necesidade, mentres non sexa posible a cobertura definitiva da vacante que se produza; ou calquera outra que se produza deste tipo de persoal.

Á listaxe resultante do dito proceso acudirase para o nomeamento, como funcionario interino, do persoal necesario, por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do EBEP (Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público) .

**2.- Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.**

A normativa de aplicación será a seguinte:

- Artigo 19.Dous da Lei 6/2018 de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 que establece que *“Non se poderá proceder á contratación de persoal temporal, así como ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables”*.

- Artigo 55.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que *“todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”*.

- Artigo 55.2 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que *“as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) *Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) *Transparencia.*
- c) *Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*

- d) *Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*  
 e) *Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*  
 f) *Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

- Artigo 61.1 do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que *“os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

- Artigo 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a contratación de persoal laboral non permanente.

### **3.- Creación de listaxe de emprego temporal para cubrir provisionalmente, cando sexa urxente, necesario e inaprazable, a praza/posto/emprego de “ADMINISTRATIVO”.**

Neste proceso selectivo, coa finalidade de dar unha resposta áxil, eficaz e eficiente no momento que xurdan no Concello necesidades urxentes e inaprazables de incorporación provisional de persoal, constituirase unha Listaxes de Emprego Temporal de “Administrativo/a”, á que se acudirá para realizar o nomeamento do persoal para o funcionamento do servizo.

A dita listaxe de emprego temporal formarase coas persoas que superen as probas deste proceso selectivo pola orde decrecente de puntuación obtida no concurso- oposición libre convocado.

Tendo en consideración todo o anteriormente exposto, e en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei de Bases de Réxime Local, estra Alcaldía, **RESOLVE:**

1º.- Aprobar as Bases que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición libre, para a selección de “ADMINISTRATIVO/A” para constituír a Listaxe de Emprego Temporal do devandito emprego:

### **BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ADMINISTRATIVO.**

#### **1. OBXECTO.**

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección para a elaboración de listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino de ADMINISTRATIVO/A no Concello de O Valadouro.

#### **2.- RELACIÓN XURÍDICA:**

Persoal funcionario Interino regulado no art. 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

#### **3.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO:**

##### **3.1.- DENOMINACIÓN DA PRAZA/POSTO/EMPREGO: ADMINISTRATIVO/A.**

##### **3.2.- GRUPO DE ENCADRAMENTO: Grupo C – Subgrupo C1.**

##### **3.3.- RETRIBUCIÓN:**

As retribucións a percibir polo/a ocupante serán as corresponden á praza/posto/emprego de: **Administrativo.**

#### **4.- ADSCRICIÓN:**

Ás distintas Unidades Administrativas, declaradas prioritarias ou que formen parte de servizos públicos esenciais, unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.

#### **5.- FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO:**

En xeral as propias dun Administrativo/a consistentes en funcións administrativas, normalmente de trámite ou xestión e colaboración: tarefas de apoio ás funcións de nivel superior ou calquera outra afín á categoría do posto e semellantes ás descritas que lle sexan encomendadas e resulten necesarias por razóns do servizo.

Con carácter particular, as seguintes:

- Contabilidade.
- Xestións administrativas de tesourería: Seguimento de cobros e pagos, etc...
- Confección de declaracións periódicas tributarias (IRPF e IVE).
- Remisión de información sobre obrigas financeiras das Entidades Locais.

## 6.- REQUISITOS INDISPENSABLES. TITULACIÓN ACADÉMICA:

### 6.1.- Requisitos Xerais:

- Titulación de Bacharelato ou Técnico Medio.

### 6.2.-Requisitos específicos:

- Ter coñecemento do idioma galego que se acreditará co certificado do curso de perfeccionamento, Celga 4 ou equivalente.

No caso de non ter documentación acreditativa esixida, deberase superar unha proba de coñecemento de lingua galega, nos termos que se recollen nestas bases.

## 6. PUBLICACIÓN.

O extracto da convocatoria e das bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Entidade e na súa páxina web ([www.valadouro.org](http://www.valadouro.org)).

## 7. NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; e, no que resulten vixentes, a Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o RD lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; o RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local; a Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia. Será tamén de aplicación supletoria, o RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración Xeral do Estado.

## 8. REQUISITOS QUE CUMPRIRÁN AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO.

As persoas aspirantes farán constar na solicitud que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza/posto/emprego á que aspira.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separadas mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, no que estiveran separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin ter sido sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida nas bases específicas. Se a titulación é obtida no estranxeiro, deberá posuír o documento que acredite fidelmente a súa homologación.

## 9. SOLICITUDES.

### Presentación.

As persoas interesadas poderán participar nos correspondentes procesos selectivos presentando unha solicitud no modelo oficial que figura como anexo destas bases, estando tamén dispoñible na páxina web do Concello de O Valadouro ([www.valadouro.org](http://www.valadouro.org)).

**Prazo de presentación.** Este será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

**Lugar de presentación.** Este será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

Cando se presente mediante correo postal, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal do Servizo.

De optar por presentar a solicitud a través de mecanismo distinto, deberá poñelo en coñecemento da Entidade mediante Fax (982-574303) ou a través do correo electrónico ([concello.ovaladouro@eidolocal.es](mailto:concello.ovaladouro@eidolocal.es)) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes.

**Modo de cumprimentala.** A solicitude de participación cumprimentarase debidamente pola persoa aspirante, acreditando documentalmente os méritos que aleguen conforme se establece na base 10.

